



Newsletter N. 2

Xullo 2018

RESUMO

1. A tecnoloxía de alta precisión ao servizo da conservación dos teixadais cantábricos

2

2. Celebración do Día da Rede Natura 2000: Importancia da Rede Natura 2000 de Galicia para a protección do patrimonio natural, a contribución á economía e o benestar

5

3. Celebrado el Día de la Red Natura 2000, en el marco del proyecto LIFE BACCATA con una visita a la ZEC Parga-Ladra-Támoga

7

4. Presentación de LIFE BACCATA en Ribadeo (Lugo)

8

5. Visita anual de seguimiento a LIFE BACCATA

9

6. Presentación de LIFE BACCATA nun Curso de Verán da USC

10



www.life-baccata.eu

SOCIOS



LIFE15 NAT/ES/000790



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS



1. A tecnoloxía de alta precisión ao servizo da conservación dos teixadais cantábricos

22 de xuno de 2018

Grazas a este estudo poderanse calcular as dimensións, estrutura e estado de conservación do teixo na Tejeda de Tosande, no Parque Natural de Fuentes Carrionas y Fuente Cobre-Montaña Palentina, e do teixo de San Cristobal de Valdueza, na bisbarra de El Bierzo.

No marco do proxecto LIFE BACCATA (LIFE15 NAT/ES/000790), "Conservando e restaurando os bosques de teixo (9580 *) da Cordilleira Cantábrica", levouse a cabo unha actuación encamiñada a mellorar a caracterización e seguimento para a conservación da Tejeda de Tosande, integrada no **Parque Natural de Fuentes Carrionas y Fuente Cobre-Montaña Palentina**, e o teixo de San Cristobal de Valdueza, situado no termo municipal de Ponferrada.

A Tejeda de Tosande sitúase nunha aba con orientación Norte entre os 1.400 e 1.650 metros de altitude formando un bosque mixto maiormente de faias (*Fagus sylvatica*) e teixos (*Taxus baccata*), xunto con outras frondosas acompañantes.

O teixo de San Cristobal de Valdueza é un teixo femia (*Taxus baccata*) considerado como unha das árbores máis emblemáticas de Castilla y León polo seu significado monumental, cultural e social. A árbore atópase xunto a unha pequena ermida a unha altitude de 1.115 metros nunha paraxe rodeada de cultivos e pastos a uns 210 metros do mesmo pobo de San Cristóbal de Valdueza.

A acción consistiu na realización dun levantamento fotogramétrico terrestre de alta precisión en 3D dunha superficie determinada na Tejeda de Tosande. A fotogrametría é unha técnica baseada en estudar e definir con precisión a forma, dimensión e posición no espazo dun obxecto ou obxectos utilizando medidas feitas sobre as fotografías dos devanditos obxectos.

Xullo 2018


Newsletter N. 2




Para realizar este traballo na precisión combinouse o uso de plataformas aéreas (dron DJI Phantom 3 Profesional) e terrestres (Gimbal DJI Osmo) para adquirir as fotografías que, posteriormente, se procesarán utilizando técnicas de Fotogrametría Dixital automatizada, Teledetección e Sistemas de Información Xeográfica (SIX).

Coa información obtida na fase anterior e os datos que se recompilan en campo, calcularanse diferentes parámetros en relación ás dimensións, estrutura e estado de conservación das árbores da área estudada.

Na realización do levantamento fotogramétrico e posterior procesado participaron as empresas Bioma Forestal e 4Datum Investigación y Desarrollo S.L. baixo a dirección de Cesefor e a coordinación da Junta de Castilla y León, socios do proxecto.



Modelo terrestre
de Tosande



Modelo aéreo
de Tosande



Teio de San Cristóbal
de Valdueza

Newsletter N. 2

Xullo 2018



Life Baccata

O proxecto LIFE BACCATA traballa pola conservación e restauración do hábitat prioritario do teixo, actualmente ameazado e en regresión, en quince lugares da Rede Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica e pertencentes a Galicia, Castilla y León, e Euskadi.

O proxecto ten previsto actuar sobre unha grande superficie da Cordilleira Cantábrica, aínda que o estudo e os resultados obtidos terán un alcance internacional ao incluírse territorios en Portugal, Francia, Italia e Grecia que presentan este tipo de hábitat, ameazado de xeito similar.

O teixo vén sufrindo unha serie de ameazas que inflúen directamente na biodiversidade das zonas que ocupa. Estas ameazas fóronse orixinando ao longo dos anos e son de diversa índole: os incendios, as cortas, a construción de infraestruturas, a fragmentación e falta de conexión entre estes espazos naturais ou as repercusións do cambio climático. Individualmente ou de xeito conxunto, estas ameazas puxeron en perigo a supervivencia desta especie, o seu hábitat e a biodiversidade que conteñen, por iso faise necesario actuar e garantir o seu futuro de xeito sostible.

LIFE BACCATA aplicará as **medidas de protección e xestión forestal** necesarias que promovan a mellora do estado de conservación e restauración do teixo e os teixadais, fomentando a súa rexeneración natural, e o das especies de flora e fauna que os habitan, e contribuirá a frear a perda de biodiversidade.

O proxecto LIFE BACCATA está cofinanciado pola Comisión Europea no marco da Convocatoria LIFE e desenvólvese entre 2016 e 2020 en quince lugares da Rede Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica e pertencentes a Galicia, Castilla y León, e Euskadi. Participa como coordinador do proxecto o IBADER da Universidade de Santiago de Compostela e como socios a Junta de Castilla y León, Cesefor, Fundación Hazi e Grupo TRAGSA.



2. O proxecto LIFE BACCATA finalizou a fase de caracterización e diagnose do hábitat 9580 *

09 de abril de 2018

Finaliza a Acción A1 do proxecto LIFE BACCATA denominada "Caracterización e diagnose do hábitat 9580*", cuxos obxectivos son a clarificación da interpretación do hábitat 9580 * en España, a obtención de información para a valorización a nivel local deste hábitat e definir unha metodoloxía para o desenvolvemento das seguintes accións.

Esta acción céntrase no hábitat 9580 *, actualmente cun estado de conservación 'Desfavorable-inadecuado' na rexión atlántica e 'Desfavorable-Malo' na mediterránea, segundo o informe sobre a aplicación da **Directiva Hábitats no período 2007-2012** (artigo 17 da Directiva), tanto en España coma na UE. Recodemos que o teixo vén sufrindo unha serie de ameazas que inflúen directamente na biodiversidade das zonas que ocupa. Estas ameazas fóronse orixinando ao longo dos anos e son de diversa índole: os incendios, as cortas, a construción de infraestruturas, a fragmentación e falta de conexión entre estes espazos naturais ou as repercusións do cambio climático. Individualmente ou de xeito conxunto, estas ameazas puxeron en perigo a supervivencia desta especie, o seu hábitat e a biodiversidade que conteñen, por iso, faise necesario actuar e garantir o seu futuro de xeito sostible. Os traballos desta acción céntranse nos teixedais de quince lugares da Rede Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica pertencentes a Galicia, Castilla y León, e Euskadi.



Xullo 2018
Newsletter N. 2

Afrontáronse dúas fases nesta Acción A1. Por un lado, realizouse un inventario de teixedais no seu ámbito de actuación, estudando o seu grao de conectividade e outros aspectos como a súa composición florística e a presenza de especies ameazadas e exóticas. A cartografía do hábitat mediante o traballo de campo e o estudo da relación da poboación cos teixedais e como estas influíron nos usos tradicionais, culminaron esta primeira fase. Por outra banda, seleccionáronse os indicadores necesarios para avaliar as repercusións do proxecto sobre o hábitat en concordancia co establecido pola Directiva Hábitats. Agora iníciase a seguinte acción centrada na planificación técnica da conservación.

O proxecto LIFE BACCATA ten por obxectivos implantar as **medidas de protección e xestión forestal** necesarias que promovan a mellora do estado de conservación e restauración do teixo e os teixedais, fomentando a súa rexeneración natural. Asimesmo, persegue a conservación das especies de flora e fauna que os habitan, e contribuír a frear a perda de biodiversidade.

O proxecto LIFE BACCATA está cofinanciado pola Comisión Europea no marco da Convocatoria LIFE e desenvólvese entre 2016 e 2020 en quince lugares da Rede Natura 2000 da Cordilleira Cantábrica e pertencentes a Galicia, Castilla y León, e Euskadi. Participa como coordinador do proxecto o IBADER da Universidade de Santiago de Compostela e como socios a Junta de Castilla y León, Cesefor, Fundación Hazi e Grupo TRAGSA.



3. Celebrado o Día da Rede Natura 2000, no marco do proxecto LIFE BACCATA cunha visita á ZEC Parga-Ladra-Támoga

14 de maio de 2018

O 22 de maio, **Día da Rede Natura 2000**, celebrouse unha xornada no IBADER do Campus Terra, enmarcado nas actividades de proxectos LIFE BACCATA e LIFE FLUVIAL, e organizado polo IBADER.

Durante a mañá realizouse unha visita á Lagoa do Rei do Concello de Rábade, na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003) á que asistiron representantes municipais, asociacións ambientalistas, investigadores do Campus de Lugo, membros do CSIC e beneficiarios asociados doutros proxectos LIFE Natureza.

Durante a tarde tivo lugar un acto na aula "Luciano Sánchez García" do IBADER do Campus Terra (LUGO), cunha serie de intervencións que permitiron chegar aos asistentes os esforzos levados a cabo para que a Rede Natura 2000 sexa un dos logros máis sobresaíntes da Unión Europea.

Abriu a quenda de presentacións Vitoriano Urgorri Carrasco, da Estación Biolóxica da Graña (USC), que realizou unha interesante síntese dos valores naturais e patrimoniais que a biodiversidade mariña posúe en Galicia, facendo unha importante reflexión sobre o papel que a Rede Natura 2000 leva a cabo na súa conservación.

En segundo lugar interveu Serafín González Prieto, quen explicou as interesantes actuacións que a Sociedade Galega de Historia Natural está a levar a cabo na conservación e restauración de hábitats e especies na Rede Natura 2000, resaltando os tipos prioritarios.

A continuación, Miguel Fernández Pardo, da entidade ADR Mariñas-Betanzos, veu a falar da implantación de marcas de calidade en zonas da Rede Natura 2000, ao amparo do traballo realizado dende a Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo". Este relatorio clarificou as vantaxes dunha marca de calidade baseada en espazos naturais, como é o caso da Rede Natura 2000 e as Reservas de Biosfera.

Newsletter N. 2

Xullo 2018

Finalmente, Antonio Rigueiro Rodríguez, director da Estación Biolóxica do Courel (USC), presentou o libro "As orquídeas da Serra do Courel", cuxa autora Elvira Sahuquillo Balbuena asistiu ao acto e expresou o seu agradecemento a todos os que contribuíron e axudaron a que a obra sexa publicada.

Este acto non soamente permitiu aumentar a concienciación pública sobre a Rede Natura 2000 e a súa importancia na conservación do patrimonio cultural e os servizos prestados polos ecosistemas, senón que tamén serviu para ensinar a súa contribución á economía e ao benestar das poboacións que residen na súa área de influencia.

Programa:

17:00 Presentación.

17:15 Biodiversidade mariña na Rede Natura 2000 de Galicia. **Victoriano Urgorri Carrasco** (Estación de Bioloxía Mariña da Graña, Universidade de Santiago de Compostela, USC).

18:00 Experiencias de conservación in situ de especies da Rede Natura 2000. **Serafín González Prieto** (Sociedade Galega de Historia Natural, SGHN).

18:45 Implantación de marcas de calidade nas áreas da Rede Natura 2000. **Miguel Fernández Pardo** (ADR Mariñas-Betanzos).

19:30 Presentación do libro "As orquídeas da Serra do Courel". Antonio Rigueiro Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela, USC).

Xullo 2018

Newsletter N. 2



4. Presentación de LIFE BACCATA en Ribadeo (Lugo)

13 de xuño de 2018

O proxecto LIFE BACCATA presentouse en Ribadeo (Lugo) con motivo das xornadas celebradas o 23 de marzo de 2018 no Auditorio Municipal Hernán Naval de Ribadeo (Lugo) sobre Reservas de Biosfera Atlántico-Pirenaicas.

Estas xornadas foron organizadas polo Comité MaB español da UNESCO. Participaron membros dos Consellos Científico e de Xestores do programa MaB español, de forma que se ensinaron unha serie de proxectos, actuacións e experiencias formuladas dentro das Reservas presentes.

Como mostra dos proxectos desenvolvidos no ámbito territorial destas Reservas, o IBADER do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela acudiu a esta cita para presentar o proxecto LIFE BACCATA. Na presentación explicáronse os obxectivos e medidas de actuación planeados, así como os resultados esperados. Ademais, presentáronse os resultados preliminares da mostraxe xenética desenvolvida polo proxecto e comentáronse as actuacións máis destacables do proxecto para o actual ano 2018.



Xullo 2018
Newsletter N. 2

5. Visita anual de seguimiento a LIFE BACCATA

13 de xuños de 2018

O equipo externo de monitoreo LIFE (NEEMO), representado por Ainhoa Darquistade Fadrique, realizou a visita anual ao proxecto LIFE BACCATA, celebrada en Ojo Guareña, en Burgos.

Trátase da segunda visita anual de seguimento, celebrada o 11 de xuño de 2018, do equipo externo de NEEMO ao proxecto LIFE BACCATA. Ao acto asistiron todos os beneficiarios do proxecto (IBADER, TRAGSA, HAZI, CESEFOR, Junta de Castilla y León), que participaron presentando ao equipo de seguimento os progresos do proxecto nos seus respectivos ámbitos de actuación.

A reunión de seguimento técnico, económico e administrativo foi celebrada durante a mañá na Casa del Parque de Ojo Guareña, situada en Quintanilla del Rebollar (Merindad de Sotoscueva, Burgos), dentro da ZEPA Ojo Guareña (ES4120005).

Durante a xornada de tarde, os asistentes visitaron Arceo (Valle de Mena, Burgos), na ZEC Valle de Mena (ES4120049), onde LIFE BACCATA realizou un proxecto de peche para evitar os efectos da herbivoría sobre o rexenerado de *Taxus baccata*, así como eliminación de competencia e favorecer a conservación do hábitat 9580 *, a través do persoal da Junta de Castilla y León.

A xornada permitiu avaliar o grao de cumprimento do proxecto, solucionar as dúbidas xurdidas, e achegar indicacións e orientacións a todos os socios que permitan unha mellor implementación das accións consideradas.

Xullo 2018

Newsletter N. 2



6. Presentación de LIFE BACCATA nun Curso de Verán da USC

25 de xullo de 2018

O proxecto LIFE BACCATA foi presentado en Piornedo (Cervantes, Lugo) o pasado día 13 de xullo de 2018, con motivo da celebración do Curso de Verán "Biodiversidade e patrimonio na montaña lucense: conservación e uso social", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O curso de verán era dirixido por María Dolores Vázquez Castro e Elena Freire Paz, contando na secretaría con Oscar Rivas López. O curso tiña como obxectivo conseguir unha formación especializada de carácter teórico-práctico encamiñada ao coñecemento da biodiversidade e do patrimonio cultural específico de Ancares, así como traballar baixo as máximas de converxencia de intereses, mediación en procesos e resolución de conflitos coas que favorecer a conservación e a promoción de todos os factores ambientais e sociais do ámbito.

Os alumnos do curso, un total de 15 matriculados, puideron participar no debate posterior, realizando as cuestións ou achegando a súa visión acerca da conservación do teixo e os teixadais, así como xenerando un importante intercambio de ideas sobre os aspectos máis relevantes na xestión destes ecosistemas.



Xullo 2018

Newsletter N. 2



Newsletter N. 2

Xullo 2018



*Any communication or publication related to the project, made by the beneficiaries jointly or individually in any form and using any means, shall indicate that it reflects only the author's view and that the Agency/Commission is not responsible for any use that may be made of the information it contains.

www.life-baccata.eu



SOCIOS

LIFE15 NAT/ES/000790



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS

